



ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
XGL/2019/41	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	18 de novembro de 2019
Duración	Desde as 12:35 ata as 13:08 horas
Lugar	SALA DE SESIÓNS
Presidida por	XOSE MANUEL PAZOS VARELA
Secretario	ELEUTERIO PENA LAMAS

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
***7616**	EUGENIO GONZALEZ FERNANDEZ	NON
***1344**	HUGO FANDIÑO ALBERTE	SÍ
****0228*	INGRID MIHAELA LOREDANA OPREA	NON
***3018**	MARIANO ABALO COSTA	SÍ
***8304**	MARÍA VICTORIA PORTAS MARIÑO	NON
***4161**	SAGRARIO MARTÍNEZ FERRARI	SÍ
***2819**	XOSE MANUEL PAZOS VARELA	SÍ

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA



Expediente 6310/2019. Solicitud de sinalización

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vista a instancia presentada por P.N.M., na que solicita autorización municipal para a instalación de sinal de pasaxe permanente diante de garaxe particular sito en rúa Longán, nº X; así como pintado de amarelo na beirarrúa de enfrente para facilitar a manobra de xiro para acceder ao garaxe.

Visto o informe favorable emitido en data 07.11.2019 pola policía local, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o solicitado polo Sr. N.M. e polo tanto conceder a instalación de sinal de pasaxe permanente diante de garaxe particular sito en rúa Longán, nº X, así como o pintado de amarelo na beirarrúa de enfrente.

O presente acordo de autorización carecerá de validez sen a obtención previa da licenza de primeira ocupación, cédula de habitabilidade ou informe do departamento de urbanismo, relativo a se conta con licenza municipal de obras a edificación onde se pretende instalar o referido sinal.

Expediente 6475/2019. Solicitud de sinalización

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude presentada por J.M.P.L., na que solicita se sinalice a prioridade na rúa Lajes do Pico, á altura do lavadoiro onde se produce un estreitamento.

Visto, así mesmo, o informe emitido ao respecto en data 08.11.2019 pola policía local, que indica o seguinte:

"Informa que a rúa Lajes do Pico é unha rúa na que se permite o paso nos dous sentidos de circulación ata a zona da Congorza e Areamilla, sendo ésta unha rúa bastante estreita tendo en conta esta circunstancia. Considera que en condicións normais de circulación non existe problema para que se simultanee o paso de vehículos ao mesmo tempo.

Á vista disto se considera que haberá que instaurar un límite de velocidade de 30 km/hora, achegada doutra de sinalización de perigo sen definir, non só pola presenza de vehículos senon pola presenza de peóns".

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente o informe transcrito da policía local.

Expediente 6466/2019. Solicitud de sinalización

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude presentada por J.M.P.L., na que demanda a prohibición de estacionamento en rúa Pepe Simón por coincidir cunha curva e non entrar dous vehículos simultaneamente.



Visto o informe favorable emitido ao respecto en data 07.11.2019 pola policía local, no que se indica o seguinte:

"...Informa que actualmente onde indica o solicitante está permitido o estacionamento de vehículos.

Tamén é certo que de atoparse estacionado algún vehículo nese espazo non se permite simultanear o paso de dous vehículos ao mesmo tempo en sentidos contrarios, polo que se cre apropiado acceder ao solicitado polo veciño".

A Xunta de Goberno Local, de conformidade co informe favorable emitido ao respecto pola policía local, acorda aprobar a solicitude realizada polo Sr. P.L.

Expediente 6455/2019. Solicitude de sinalización

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude presentada por J.N.P. na que demanda a colocación de pivotes na entrada do garaxe sito na Avenida de Vigo, nº X, para facilitar a manobra de acceso e saída do garaxe.

Visto o informe favorable emitido ao respecto en data 07.11.2019 pola policía local, no que se indica o seguinte:

"...Informa que non existe inconveniente en conceder o solicitado".

A Xunta de Goberno Local, de conformidade co informe favorable emitido ao respecto pola policía local, acorda aprobar a solicitude realizada polo Sr. N.P..

Expediente 5346/2019. Solicitude de sinalización

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude presentada por M.E.T.B. en demanda de colocación de sinal de rúa cortada para A Rúa.

Visto o informe favorable emitido ao respecto en data 12.11.2019 pola policía local, no que se indica o seguinte:

"A policía local de Cangas, con relación aos pedimentos da veciñanza da Rúa, onde solicitan sinal de rúa cortada, por parte desta policía non existe inconveniente en autorizar a colocación do devandito sinal".

A Xunta de Goberno Local, de conformidade co informe favorable emitido ao respecto pola policía local, acorda aprobar a solicitude realizada pola Sra. T.B..

Expediente 6433/2019. Solicitude de sinalización vertical



Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
<p>Vista a solicitude presentada por P.C.G. na que demanda a colocación dun espello na curva da estrada de Pinténs-Vilanova, á altura do nº X.</p> <p>Visto o informe favorable emitido ao respecto en data 08.11.2019 pola policía local, no que se indica o seguinte:</p> <p><i>"...Trátase dunha saída dun camiño con moi mala visibilidade afectando a dous veciños, considérase que non existe inconveniente en acceder ao pedimento.</i></p> <p><i>Mencionar que a titularidade da vía corresponde á Deputación Provincial de Pontevedra".</i></p> <p>A Xunta de Goberno Local, de conformidade co informe favorable emitido ao respecto pola policía local, acorda aprobar a solicitude realizada pola Sra. C.G..</p>	

Expediente 6470/2019. Solicitude de sinalización vertical	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
<p>Vista a solicitude presentada pola asociación de veciños "Nós" de San Pedro, na que solicitan a colocación dun espello na curva da Rocha na EP 1002, estrada da Madalena-Erbello.</p> <p>Visto o informe favorable emitido ao respecto en data 08.11.2019 pola policía local, no que se indica o seguinte:</p> <p><i>"...Debido á mala visibilidade da curva no pk 0.900, considérase que non existe inconveniente en acceder ao pedimento.</i></p> <p><i>Mencionar que a titularidade da vía corresponde á Deputación Provincial de Pontevedra".</i></p> <p>A Xunta de Goberno Local, de conformidade co informe favorable emitido ao respecto pola policía local, acorda aprobar a solicitude realizada pola asociación de veciños "Nós" de San Pedro.</p>	

Expediente 6429/2019. Solicitude de sinalización vertical	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
<p>Vista a solicitude presentada por J.C.S.F. na que demanda a colocación dun espello na rúa Rubiña, nºX en Cangas.</p> <p>Visto o informe favorable emitido ao respecto en data 08.11.2019 pola policía local, no que se indica o seguinte:</p> <p><i>"...Que o camiño ten acceso a tres vivendas polo tanto non existe inconveniente en conceder o solicitado".</i></p>	



Concello de Cangas

A Xunta de Goberno Local, de conformidade co informe favorable emitido ao respecto pola policía local, acorda aprobar a solicitude realizada polo Sr. S.F..

Expediente 6454/2019. Solicitude de sinalización vertical e horizontal

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude presentada por J.B.C. en demanda de sinalización vertical e horizontal para persoas con mobilidade reducida na Praza Obispo Cerviño de Aldán.

Visto o informe favorable emitido ao respecto en data 07.11.2019 pola policía local, no que se indica o seguinte:

"...Que na devandita praza existen estacionamentos para turismos, carga e descarga e reservado para actos relixiosos, pero non hai prazas para persoas con mobilidade reducida, polo que procede acceder ao solicitado polo interesado".

A Xunta de Goberno Local, de conformidade co informe favorable emitido ao respecto pola policía local, acorda aprobar a solicitude realizada polo Sr. B.C..

Expediente 6465/2019. Solicitude de sinalización vertical e horizontal

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude presentada por M.S.M.A., na que demanda o pintado de amarelo na zona de entrada ao garaxe e colocación de bolardos para impedir o estacionamento enriba da beirarrúa na zona de estacionamento público sito na Avenida de Ourense, nº X interior.

Visto o informe favorable emitido ao respecto en data 07.11.2019 pola policía local, no que se indica o seguinte:

"...Informa que non existe inconveniente en conceder o solicitado, pintado de amarelo na entrada do garaxe o ancho necesario e colocación dalgún elemento físico que impida aos vehículos o estacionamento encima da beirarrúa debido á escasa altura das beirarrúas e que os estacionamentos son algo curtos".

A Xunta de Goberno Local, de conformidade co informe favorable emitido ao respecto pola policía local, acorda aprobar a solicitude realizada pola Sra. M.A..

Expediente 5520/2019. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 5520/2019.- Autorizar a solicitude presentada por "UFD DISTRIBUCION ELECTRICIDAD SA", titular do CIF nº A-63222533, con enderezo a efectos de notificacións no enderezo electrónico X, para a ocupación de dominio público e conceder licenza de obras

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



para en parcela sita en rúa Castrillón-Cangas (referencia catastral X), para canalizar unha rede de baixa tensión soterrada de 2 metros de lonxitude (expediente nº UD248319060025), de conformidade coa documentación redactada polo enxeñeiro técnico industrial P.T.B. de data 18 de setembro de 2019 e vista a autorización da Deputación de Pontevedra de data 18 de outubro de 2019, coas seguintes condicións:

As obras non se poderán realizar no período do verán, comprendido entre o 15 de xullo e o 15 de setembro. Non se permiten reposicións parciais.

Nin durante o período das festas de nadal (21 de decembro a 7 de xaneiro) nin durante as de Semana Santa. Deberá regular o tráfico durante as obras. Non se permiten reposicións parciais.

* Debe repoñer a totalidade dos servizos e infraestruturas afectadas.

* Por razóns de seguridade e na medida do posible, non se permiten canalizacións sobre a calzada, debéndose empregar nas zonas destinadas a beirarrúas.

Debe computarse no aval global depositado o importe de oitocentos vinte e nove euros con oitenta e un céntimos (829,81 €), para responder das obras de reposición da vía pública. No caso de que o Concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de "UFD DISTRIBUCION ELECTRICIDAD SA", o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resulte necesaria, sen que iso supoña dereito a ningún tipo de indemnización.

Deberase axustar, así mesmo, ás seguintes condicións:

*Se o vial ten 5,00 metros ou mais de ancho, procederase por parte da empresa a reasfaltar un carril.

*Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da zanja.

Para a conexión coas vivendas, advírteselle da obrigatoriedade imposta polo artigo 43.1 da Lei 8/2012, de vivenda de Galicia, da esixencia aos propietarios, da correspondente licenza de primeira ocupación para poder contratar o servizo.

Expediente 5280/2019. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 5280/2019.- Conceder a P.S.F., con enderezo en rúa da Canexa, nº X-Cunchido-Darbo, licenza de obra para reforma de vivenda unifamiliar nunha superficie de 103,80 m²., de planta baixa e 17,75 m²., de aproveitamento baixo cuberta, sita no referido lugar (referencia catastral X), de conformidade co proxecto básico elaborado polo arquitecto J.R.L., de data agosto de 2019. Antes do comezo das obras debe presentar o proxecto de execución visado e oficios de dirección, deberá cumprir co sinalado pola Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia no referente aos materiais a empregar nos núcleos de poboación e tamén en canto á obriga de conexión cos servizos existentes no núcleo e a formalizar perante o Catastro a modificación que presenta esta licenza. O presuposto de execución material ascende a cincuenta e un mil setecentos dez euros con oitenta e seis céntimos (51.710,86 €).



Expediente 5983/2019. Licenza urbanística

Desfavorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 5983/2019.- Denegar a solicitude formulada por "TELEFÓNICA DE ESPAÑA SAU", con enderezo a efectos de notificacións en X, para a instalación de un poste para variar o trazado de rede en camiño da praia de Vilariño-O Hío. de conformidade co proxecto nº 8038666, elaborado pola coordinadora de creación de planta externa S. P. F. de data 26 de setembro de 2019, visto o informe desfavorable do arquitecto municipal de data 31.10.2019.

Expediente 5471/2019. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 5471/2019.- Conceder a A.C.R, con enderezo en Reboredo, nº X-Coiro, licenza de obras para acondicionamento de un entrechán comercial para uso de vivenda, nunha superficie de 67,00 m2., no lugar da Avda. de Lugo, nº X, local X-Cangas (referencia catastral X), de conformidade co proxecto de acondicionamento do local elaborado polo arquitecto J.R.L., de data de setembro de 2019.

Deberá formalizar perante o Catastro a modificación que presenta esta licenza. O presuposto de execución material ascende a quince mil novecentos sesenta e sete euros con setenta e seis céntimos (15.967,76 €).

A licenza outórgase coa condición de que se obteña a autorización para o cambio de uso da comunidade de propietarios de ser preceptiva pola lexislación de aplicación.

Expediente 3806/2019. Licenza urbanística

Non hai acordo

Motivo: Ampliar documentación

Este punto retírase da orde do día para mellor estudo, pendente de ampliación de documentación.

Expediente 4934/2019. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 4934/2019.- Conceder a E.C.P., con enderezo en rúa Félix Ozámiz, nº X-Coiro, licenza de obra para reforma de vivenda unifamiliar nunha superficie de 61,95 m2., de primeiro andar e 15,10 m2., de aproveitamento baixo cuberta, sita na Avda. de Ourense, nº X-Cangas (referencia catastral X), de conformidade co proxecto básico elaborado polo arquitecto J.R.L., de data xuño de 2019. Deberá presentar o proxecto de execución e oficios de dirección, deberá formalizar perante o Catastro a modificación que presenta esta licenza. O presuposto de execución material ascende a corenta e catro mil setenta e dous euros con sesenta céntimos (44.072,60 €).



Expediente 2572/2017. Renuncia de licenza de apertura de actividade

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 2572/2017.- Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 23.01.2017, autorizouse acondicionamento de local para clínica dental, sita na Avenida de Ourense, nº X, a M.A.C.S. A documentación para o inicio da actividade presentouse en data 10.11.2016.

En data 4 de outubro de 2019, rexistro de entrada nº 14.306, M.A.C.S., solicita a baixa da actividade, polo que de conformidade co previsto no artigo 94 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e visto o informe do inspector municipal de data 8 de novembro de 2019, déixase esta sen efecto e se declara concluso o procedemento e o arquivo do expediente administrativo de referencia.

Expediente 2036/2019. Expediente de restauración da legalidade urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vista a proposta da alcaldía de data 11.11.2019, referente a expediente nº 2036/2019-S de restauración da legalidade urbanística, que é como segue:

"Resultando que no lugar de Fenteiras-O Hío, polos responsables que se indican nesta resolución se iniciaron obras sen a preceptiva licenza municipal consistentes en: realizar un cobertizo de aproximadamente 15 m², na parcela con referencia catastral X

Resultando que segundo consta no expediente, son persoas presuntamente responsables dos feitos sinalados, H.D.F., promotor.

Considerando que os feitos anteriormente expostos poden ser constitutivos dunha infracción urbanística, segundo o determina o artigo 157 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, que pode tipificarse en principio como GRAVE, segundo o sinala o artigo 158.3 da mesma norma.

Considerando sen prexuízo do resultado definitivo da instrución do expediente, que aos feitos descritos lles pode corresponder a sanción de multa entre 6001 e 60.000 euros, de acordo co establecido no art. 161.1.b) da referida Lei 2/2016, indicándolle ao infractor que as sancións impostas ao abeiro desta lei reduciranse na súa contía nun 50%, se son aboadas no prazo de período voluntario e, neste mesmo prazo, o infractor amosa por escrito a súa conformidade coa sanción e renuncia expresamente ao exercicio de toda acción de impugnación no referido prazo.

Visto o establecido nos artigos 157 ao 164 da Lei 2/16 e de acordo coas atribucións que teño legalmente conferidas polo artigo 163.c) da citada lei.

Visto o Decreto da Alcaldía de data 17 de xullo de 2019 polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Incoar expediente sancionador a H.D.F. por infracción urbanística, de conformidade coa Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, polos feitos mencionados dos que presuntamente son responsables as persoas indicadas nos antecedentes desta



resolución; realizar un cobertizo de aprox 15 m²., sen licenza para iso, na parcela con referencia catastral X.

SEGUNDO.- Nomear como órgano instrutor do procedemento sancionador a M.R.G., sendo secretaria deste a do Concello; así mesmo, estarase ao establecido sobre abstención e recusación nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público.

TERCEIRO.- O órgano competente para a resolución do presente procedemento sancionador é a Xunta de Goberno Local por delegación da Alcaldía, en virtude do artigo 163.1 c) da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia da Lei 7/85 e decreto de delegación de data 2 de xullo de 2015.

CUARTO.- Indicar ao interesado o dereito que lles concede o artigo 161.4 da Lei 2/2016, de recoñecer a súa responsabilidade, advertíndolle que terá dereito a unha redución do 90% da sanción que debe impoñerse no caso de que repoña por si mesmo a realidade física alterada antes da resolución do procedemento sancionador.

QUINTO.- Comunicar ao instrutor a iniciación do expediente con traslado de cantas actuacións existan respecto diso e simultaneamente, notificar a presente resolución aos interesados (de selo caso ao denunciante), indicándolles que disporán dun prazo de QUINCE DÍAS, para achegar cantas alegacións, documentos e información estimen convenientes e, no seu caso, propor proba concretando os medios de que pretendan valerse, quedando o expediente a súa disposición na oficina de urbanismo, advertindo aos interesados de que, en caso de que non efectúen alegacións sobre o contido da iniciación do procedemento no prazo de quince días indicado, a presente resolución poderá ser considerada como proposta de resolución.

SEXTO.- Advertir ao interesado que a incoación do presente expediente é inscribible no Rexistro da Propiedade.

SÉTIMO.- Notifíquese o acordo ao interesado, facendo constar que non pon fin á vía administrativa e que por tratarse dun mero trámite, contra esta non cabe recurso, sen prexuízo de que poida interpor o que estime mais conveniente".

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente.

Expediente 2122/2019. Expediente de restauración da legalidade urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vista a proposta de data 08.11.2019 da xefa de urbanismo, referente a expediente nº 2122/2019-S de restauración da legalidade urbanística, que é como segue:

*"Con data 03.09.2019 Á.D.A., con NIF ***4473**, solicita a redución do 50% da sanción que lle corresponde aboar pola realización de obras sen axustarse á legalidade urbanística para proceder ao seu pagamento no periodo voluntario, amosando a súa conformidade co contido do acordo da Xunta de Goberno Local de data 26 de xullo do 2019 e renunciando expresamente ao exercicio de toda acción de impugnación.*



Visto o xustificante de pagamento de data 03.09.2019, de Á.D.A. en relación co expediente sancionador por infracción urbanística nº 2122/2019-S, de conformidade co artigo 84 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas e visto o Decreto da Alcaldía de data 17 de xullo de 2019, polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

PRIMEIRO.- Declarar terminado o procedemento sancionador incoado a Á.D.A., por ter realizado no lugar de Vilanova-O Hío, as obras de construción dunha caseta de aprox. 3m² sen licenza para elo, no predio con ref. cat. X , visto o xustificante de pagamento de data 03.09.2019, existente no expediente sancionador nº 2122/2019".

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente.

Expediente 3591/2019. Solicitud de devolución de aval

Desfavorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Visto o informe da xefa de urbanismo emitido o día 08.11.2019, referente a solicitude de devolución de aval, que é como segue:

"ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data de 2 de setembro de 2019, ten entrada polo rexistro municipal nº 15.489, solicitude de devolución de aval bancario, asinada por J.G.M., con NIF nº ****0278**, como titular da licenza de obra nº 21.671.

Segundo.- En Xunta do Goberno Local de data 2 de setembro de 2019, se outorgou licenza de primeira ocupación a J.G.M. (Expte. nº 3591/2019).

Terceiro.- Na data de 24 de outubro de 2019, a tesourería municipal emite informe no que di que: 'consultada a contabilidade municipal a día de hoxe consta o ingreso da garantía a nome de J.G.M. por importe de catro mil cento corenta e cinco euros con vinte céntimos (4.145,20 €), co seguinte texto: 'AVAL CAIXANOVA. EXPEDIENTE DE OBRAS Nº 22029'.

A citada garantía figura polo tanto ingresada e pendente de devolución. Procederase á súa devolución no momento en que sexa acordado polo órgano competente'.

Cuarto.- En data 28 de outubro de 2019 o inspector municipal emite informe no que conclúe que: 'Presentado no lugar, comprobo que a urbanización en cuestión se atopa en bo estado'.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.



- Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.

- Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.

O artigo 230 do Decreto 143/2016, establece que a garantía das obras de urbanización:

En sistemas de acción indirecta, o seu promotor, antes do inicio das obras de urbanización, deberá proporcionar ao concello a garantía do cumprimento exacto das funcións de execución do plan, por un importe do 10% do orzamento de execución material. do proxecto.

Esta garantía deberá constituírse a través de calquera dos mecanismos previstos na lexislación de contratos das administracións públicas, a administración actuante beneficiaria dela, e deberá presentarse nun prazo máximo de seis meses desde a aprobación definitiva do proxecto de urbanización.

A garantía non se devolverá nin cancelará ata que, despois de recibir as obras, transcorra un ano de garantía das obras.

O incumprimento do promotor do sistema de obrigas de urbanización, incluso dentro do prazo de garantía, provocará a incautación por parte do concello da garantía prestada para cumprir as responsabilidades derivadas da execución das obras de urbanización, sen prexuízo da potencia. que axuda ao concello a ir contra o promotor no caso de que a garantía non sexa suficiente para cumprir as responsabilidades expostas (artigo 96.4 do LSG).

Durante o período de garantía, o promotor do sistema de acción será responsable dos defectos e defectos de construción que se aprecien e deben ser reparados ou corrixidos'.

ÓRGANO MUNICIPAL COMPETENTE

O órgano municipal competente para a aprobación do presente expediente é a Xunta de Goberno Local en virtude do disposto na Resolución de Alcaldía de 17 de xullo de 2019 sobre delegación de atribucións na Xunta de Goberno Local.

Con base nos fundamentos expostos e de conformidade co establecido no artigo 175 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, a que subscribe eleva a seguinte:

INFORME-PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Primeiro.- *Denegar a devolución da garantía depositada por J.G.M., por importe de catro mil cento corenta e cinco euros (4.145,00 €), para responder das obras de urbanización derivadas do expediente de obra nº 22.029, polo que se outorgou a licenza de obras nº 21.671 (licenza primeira ocupación X -3591/2019), por non ter transcorrido un ano desde a concesión da licenza de primeira ocupación (02.09.2019).*

Segundo.- *Notificar este acordo ao interesado".*

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente o informe transcrito anteriormente.



Expediente 6505/2019. Solicitud de devolución de aval

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Visto o informe favorable da xefa de urbanismo emitido o día 12.11.2019, referente a solicitude de devolución de aval, que é como segue:

"ANTECEDENTES:

Primeiro.- Con data de 6 de novembro de 2019, ten entrada polo rexistro municipal nº 16.046, solicitude de devolución de aval bancario asinada por 'Moraven Inversiones SL', titular do CIF nº B36980118, como titular da licenza de obra nº 20.848 (expediente nº 21.271/X-6505/2019).

Segundo.- En Xunta do Goberno Local de data 23 de setembro de 2009, outorgouse licenza de primeira ocupación a M.J.A.G., titular da licenza outorgada no expediente de obras nº 21.271.

Terceiro.- Na data de 12 de novembro de 2019, o inspector municipal emite informe no que conclúe que: 'Presentado no lugar comprobo que o espazo urbanizado se atopa en bo estado'.

Cuarto.- En data 12 de novembro de 2019 a tesourería municipal emite informe no que di: 'Consultada a contabilidade municipal a día de hoxe consta o ingreso de garantía a nome de 'MORAVEN INVERSIONES SL' (B36980118), por importe de nove mil douscentos oitenta e dous euros con vinte e cinco céntimos (9.282,25 €) e co seguinte texto: 'AVAL CAIXA GALICIA, URBANIZ. EXPTE. OBRAS Nº 21271'.

A citada garantía figura polo tanto ingresada e pendente de devolución. Procederase a súa devolución no momento en que sexa acordado polo órgano competente'.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.
- Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.

ÓRGANO MUNICIPAL COMPETENTE

O órgano municipal competente para a aprobación do presente expediente é a Xunta de Goberno Local en virtude do disposto na Resolución de Alcaldía de 17 de xullo de 2019, sobre delegación de atribucións na Xunta de Goberno Local.

Con base nos fundamentos expostos e de conformidade co establecido no artigo 175 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, a que subscribe eleva o seguinte:



INFORME-PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Primeiro.- Recoñecer a devolución do aval bancario por importe de nove mil douscentos oitenta e dous euros con vinte e cinco céntimos (9.282,25 €), depositado por 'MORAVEN INVERSIONES SL', no expediente de licenza de obra nº 20.848 (expediente nº 21.271/ X-6505/2019).

Segundo.- Notificar este acordo ao interesado".

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente o informe transcrito anteriormente.

Expediente 2801/2017. Solicitud de devolución de garantía

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Visto o informe da xefa de urbanismo emitido o día 11.11.2019, referente a solicitude de devolución de aval, que é como segue:

"ANTECEDENTES:

Primeiro.- Con data de 7 de novembro de 2019, ten entrada polo rexistro electrónico nº 16.098, solicitude de devolución da garantía depositada por A.P.L., titular do DNI nº ***35026**, como titular da licenza de obra nº 21.373 (expediente nº 21.844/ X-2801/2017).

Segundo.- En Xunta do Goberno Local de data 22 de outubro de 2018, outorgouse licenza de primeira ocupación a A.P.L. (X-28010/2017).

Terceiro.- Na data de 8 de novembro de 2019, o inspector municipal emite informe no que conclúe que: 'Presentado no lugar comprobo que o espazo urbanizado se atopa en bo estado'.

Cuarto.- En data 11 de novembro de 2019 a tesourería municipal emite informe no que di: 'Consultada a contabilidade municipal a día de hoxe consta o ingreso da garantía a nome de A.P.L., por importe de seiscentos oitenta e seis euros con un céntimos (686,01 €), co seguinte texto: 'A.P.L. FZA. EXPTE. nº 2801/17'.

A citada garantía figura polo tanto ingresada e pendente de devolución. Procederase á súa devolución no momento en que sexa acordado polo órgano competente'.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

- Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.

- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de



Concello de Cangas

10 de febreiro , do solo de Galicia.

ÓRGANO MUNICIPAL COMPETENTE

O órgano municipal competente para a aprobación do presente expediente é a Xunta de Goberno Local en virtude do disposto na Resolución de Alcaldía de 17 de xullo de 2019, sobre delegación de atribucións na Xunta de Goberno Local.

Con base nos fundamentos expostos e de conformidade co establecido no artigo 175 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, a que subscribe eleva o seguinte:

INFORME-PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Primeiro.- Recoñecer a devolución da garantía depositada por importe de seiscentos oitenta e seis euros con un céntimo (686,01 €), por A.P.L., no expediente de licenza de obra nº 21.373 (expediente nº 21.844/ X-2801/2017).

Segundo.- Notificar este acordo ao interesado".

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente o informe transcrito anteriormente.

Expediente 6513/2019. Concesión do servizo de axuda no fogar

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude do Servizo de axuda no fogar e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:

* CONCEDERLLE a S.R.B., con DNI nº ***8202** e con expediente nº 36008/02/003020 – 73839, o Servizo de axuda no fogar a través da quenda de dependencia e de acordo aos seguintes detalles:

Prestacións:

- * Atencións de carácter persoal.
- * Atencións de carácter psicosocial.
- * Atencións de carácter doméstico.

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

Custo total do servizo: catrocentos oitenta e catro euros con corenta céntimos (484,40 €) doce euros con once céntimos/horas (12,11 €/hora).

Achega económica da persoa usuaria: setenta e oito euros con oitenta céntimos/mes (78,80 €/mes).

Número de horas: 40 horas.

Data de efectos de alta no SAF: a partir do 18 de novembro de 2019.

Expediente 4472/2019. Concesión do servizo de axuda no fogar

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude do Servizo de axuda no fogar e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:

* CONCEDERLLE a R.G.R., con DNI nº ***0550**, con expediente nº 36008/01/0001391 –7344, a ampliación do Servizo de axuda no fogar a través da quenda de dependencia e de acordo aos seguintes detalles:

Prestacións:

- * Atencións de carácter persoal.
- * Atencións de carácter psicosocial.
- * Atencións de carácter doméstico.

Custo total do servizo: oitocentos corenta e sete euros con setenta céntimos (847,70 €), doce euros con once céntimos/hora (12,11 €/hora).

Achega económica da persoa usuaria: cento setenta e nove euros con noventa céntimos/mes (179,90 €/mes).

Número de horas: 70 horas.

Data de efectos de alta no SAF: a partir do 22 de novembro de 2019.

Expediente 6566/2019. Concesión do servizo de axuda no fogar

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

Vista a solicitude do Servizo de axuda no fogar e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:

* CONCEDERLLE a J.M.F., con DNI nº ***8507** e con expediente nº 36008/02/002975 – 73590, o Servizo de axuda no fogar a través da quenda de dependencia e de acordo cos seguintes detalles:

Prestacións:

- * Atencións de carácter persoal.
- * Atencións de carácter psicosocial.
- * Atencións de carácter doméstico.

Custo total do servizo: catrocentos vinte e tres euros con oitenta e cinco céntimos (423,85 €), doce euros con once céntimos/hora (12,11 €/hora).

Achega económica da persoa usuaria: setenta e catro euros con oitenta e nove céntimos/mes (74,89 €/mes).

Número de horas: 35 horas.

Data de efectos de alta no SAF: a partir do 18 de novembro de 2019.

Expediente 1911/2018. Proposta do concelleiro de urbanismo e medio ambiente para aprobación do proxecto de investimento “Proxecto de implantación do eixo de mobilidade amable e segura de interconexión dos centro urbanos de Cangas e Moaña” (Urxencia)

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento



Ratificación da inclusión na orde do día e declaración de urxencia: de conformidade co sinalado no art. 91.4 e 97.3 do Rd 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes acorda declarar a urxencia e a ratificación da inclusión deste punto na orde do día.

Vista a proposta de data 15.11.2019 do concelleiro de urbanismo e medio ambiente, referente á aprobación do proxecto de investimento "Proxecto de implantación do eixo de mobilidade amable e segura de interconexión dos centros urbanos de Cangas e Moaña", que é como segue:

"PROPOSTA DO CONCELLEIRO DE URBANISMO E MEDIO AMBIENTE

Visto o disposto nas bases da Deputación Provincial de Pontevedra, publicadas no BOPPO de 13 de abril de 2018, polo que se establecen as bases reguladoras do Plan de remodelación e mellora de seguridade dos viarios municipais (PLAN DEPO-REMSE).

Presentado o proxecto elaborado ao abeiro das sinaladas bases da orde, denominado 'Proxecto de implantación do eixo de mobilidade amable e segura de interconexión dos centros urbanos de Cangas e Moaña', redactado polo arquitecto, D.G.C., que tiña por obxecto unha mobilidade amable e segura entre os centros urbanos de Cangas e Moaña o mesmo aprobouse por Resolución de Alcaldía de data 18.06.2018, ao tempo que se solicitaba á Deputación Provincial de Pontevedra unha subvención por importe de catrocentos oitenta mil euros (480.000,00 €), incluído o IVE, para a realización do proxecto de investimento denominado: 'Proxecto de implantación do eixo de mobilidade amable e segura de interconexión dos centros urbanos de Cangas e Moaña, a dúas anualidades segundo o seguinte desglose:

<i>Importe total proxecto € (incluído IVE)</i>	<i>Importe solicitude subvención 2018 .64%</i>	<i>Importe aportación municipal 2018 .64%</i>	<i>Importe solicitude subvención 2019 .36%</i>	<i>Importe aportación municipal 2019 .36%</i>
600.000,00	307.200,00 €	76.800,00€	172.800,00€	43.200,00€

Desta Resolución deuse conta á Xunta de Goberno Local de data 26.06.2018.

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 12.11.2018 aprobáronse as anualidades correspondentes aos exercicio 2018-2019, para ao financiamento da aportación municipal do convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Cangas e o compromiso de asignación da cantidade sinalada para o ano 2019.

Resultando que en data 31.10.2019 se presenta un proxecto modificado de implantación do eixo de mobilidade amable e segura de interconexión dos centros urbanos de Cangas e Moaña", redactado polo arquitecto, D.G.C., corrixindo uns erros datados o 18.10.2019 e que, segundo o indican non inciden sobre o obxectivo, determinacións e solución global adoptada, manténdose inalterado o resultado final de mellora da seguridade viaria, priorización da mobilidade activa, sustentable e segura, manténdose así mesmo a coherencia do proxecto con respecto da parte que corresponde a Moaña.



Visto que o proxecto se informou favorablemente polo arquitecto municipal en data 13.11.2019, condicionado á presentación dunha serie de informes sectoriais.

Tendo solicitados ditos informes perante os organismos sectoriais preceptivos e ante a necesidade de acometer de xeito urxente as obras contempladas neste, pola importancia desta para a mellora da seguridade viaria e a mobilidade do territorio e resultando que ditas obras están vencelladas a unha subvención concedida, elevo para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de:

ACORDO

Primeiro.- *Aprobar o proxecto de investimento denominado 'Proxecto de implantación do eixo de mobilidade amable e segura de interconexión dos centros urbanos de Cangas e Moaña', de data 18.06.2019 con corrección de erros datados de 18.10.2019, cun orzamento total de seiscentos mil euros (600.000,00 €) (importe de execución material, beneficio industrial e gastos xerais: 516.528,93 € e 108.471,07 €, de IVE), condicionándose ao inicio das obras contidas neste á obtención dos informes sectoriais preceptivos.*

Segundo.- *Visto que no convenio de colaboración asinado entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Cangas, a Deputación Provincial se financiaba unha contía máxima de catrocentos oitenta mil euros (480.000,00 €), o que supón unha porcentaxe total sobre o orzamento inicial do 80% e resultando que o proxecto presentado incrementa o orzamento total aprobado inicialmente en vinte e cinco mil euros (25.000,00 €), apróbase o compromiso de consignación da cantidade de vinte e cinco mil euros (25.000,00 €), no orzamento municipal ou, de selo caso, de promover as modificacións orzamentarias precisas para os efectos de dotar de crédito a aplicación oportuna.*

Terceiro.- *Iniciar expediente para a contratación das obras contidas no 'Proxecto de implantación do eixo de mobilidade amable e segura de interconexión dos centros urbanos de Cangas e Moaña', de data 18.06.2019, con corrección de erros datados de 18.10.2019, cun orzamento total de seiscentos mil euros (600.000,00 €) (importe de execución material, beneficio industrial e gastos xerais: 516.528,93€ e 108.471,07 € de IVE), redactado polo arquitecto, D.G.C."*

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta transcrita..

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE